

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**3025** *Real decreto 170/2009, do 13 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, con orixe ou destino nas Illas Canarias.*

En aplicación do mandado contido no artigo 138.1 da Constitución española, de atender ao feito insular, véñse regulando un réxime de compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías con orixe ou destino nas Illas Canarias, cuxa finalidade é compensar os sobrecustos que experimenta o tráfico de produtos como consecuencia do afastamento do arquipélago do territorio peninsular e da Unión Europea.

O artigo 7 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal das Canarias, dispuxo o establecemento dunha consignación anual nos orzamentos xerais do Estado coa finalidade de abaratar o custo efectivo do transporte marítimo e aéreo de mercadorías interinsular e entre as Illas e o resto de España, así como do transporte das exportacións dirixidas á Unión Europea, establecendo que o sistema de concesión desas compensacións se determinará regulamentariamente. O Real decreto 199/2000, do 11 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías con orixe ou destino nas Illas Canarias, realizou o desenvolvemento regulamentario destas compensacións.

O Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, na redacción que lle deu o Tratado de Amsterdam, do 2 de outubro de 1997, no seu artigo 299, prevé un tratamento especial ás rexións ultraperiféricas na aplicación das políticas comúns, sen pór en perigo a integridade e coherencia do ordenamento xurídico comunitario. Posteriormente, o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1783/1999, e o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) nº 1260/1999, establecen un Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para as Rexións Ultraperiféricas, aplicable, entre outras cousas, a cofinanciar posibles axudas aos servizos de transportes de mercadorías.

Tendo en conta que o financiamento do fondo antes mencionado exclúe, en todo caso, as axudas ao transporte de produtos incluídos no anexo I do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea (produtos agrícolas), e que a súa xestión orzamentaria se debe axustar a criterios específicos exixidos pola normativa comunitaria, faise conveniente revisar o Real decreto 199/2000, discriminando as mercadorías segundo estean ou non comprendidas nese anexo I.

En consecuencia, o presente real decreto ten como obxectivo substituír o contido do Real decreto 199/2000, do 11 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías con orixe ou destino nas Illas Canarias, para aquelas mercadorías incluídas no anexo I do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea que non poden recibir axudas susceptibles de seren cofinanciadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para as Rexións Ultraperiféricas. Estas últimas son obxecto de regulación a través doutro real decreto aplicable a elas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento e do ministro de Economía e Facenda, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de febreiro de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

## Sistema de compensacións

### Artigo 1. *Obxecto do sistema.*

Establécese un sistema de compensacións que permita abaratar o custo efectivo do transporte de mercadorías incluídas no anexo I do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, entre as Illas Canarias, entre estas e o resto de España, o efectuado entre aquelas e os países integrantes da Unión Europea e, nos casos en que expresamente se determine, entre o resto de España e as Illas.

### Artigo 2. *Produtos cuxo transporte é compensable.*

Será bonificable o transporte dos seguintes produtos, sempre que sexan orixinarios ou, se for o caso, fosen transformados nas Canarias:

- a) Produtos agrícolas, excepto o plátano.
- b) Plantas, flores, escallos e froitos comestibles en fresco.

Tamén será bonificable o transporte desde o resto de España ás Illas Canarias de pensos e produtos para a alimentación do gando.

### Artigo 3. *Compensación ao transporte de produtos orixinarios das Illas Canarias ou transformados nelas.*

1. O transporte marítimo interinsular ou con destino ao resto de España de produtos agrícolas orixinarios das Illas Canarias, salvo o plátano, gozará dunha compensación de até o 50 por 100 dos custos regulados no artigo 6, coa limitación recollida no seu número 4.

O transporte destes produtos con destino ao resto dos países da Unión Europea desfrutará tamén dunha compensación de até o 50 por 100 dos custos regulados no artigo 6, estando limitada esta compensación, en todo caso, ao custo tipo calculado para o tráfico marítimo entre as Canarias e Cádiz.

2. O transporte marítimo e aéreo interinsular ou con destino ao resto de España de plantas, flores, escallos e froitos comestibles en fresco, orixinarios das Illas Canarias, nos termos previstos no artigo 5 gozará dunha compensación de até o 50 por 100 dos custos regulados no artigo 6, coa limitación recollida no seu número 4.

O transporte destes produtos con destino ao resto dos países da Unión Europea desfrutará tamén dunha compensación de até o 50 por 100 dos custos regulados no artigo 6, estando limitada a compensación, en todo caso, ao custo tipo calculado para o tráfico entre as Canarias e Cádiz, se se trata de transporte marítimo, e entre as Canarias e Madrid, se se trata de transporte aéreo.

Estas compensacións limitaranse aos produtos que se relacionan no anexo I deste real decreto.

### Artigo 4. *Compensación ao transporte de produtos para alimentación do gando.*

O transporte marítimo desde o resto de España ás Illas Canarias de produtos de alimentación para o gando gozará dunha compensación de até o 50 por 100 dos custos regulados no artigo 6, coa limitación recollida no seu número 4, sempre que non exista produción interior canaria deles ou na medida en que esta for insuficiente.

En caso de dúbidas acerca da procedencia da subvención, a Delegación do Goberno nas Canarias solicitará informe da consellería competente do Goberno das Canarias acerca da existencia de produción interna do produto e a súa suficiencia para o total abastecemento das Illas.

Os produtos acollidos a esta bonificación son os que se relacionan no anexo II deste real decreto.

Artigo 5. *Regras relativas á orixe e transformación das mercadorías cuxo transporte se subvenciona.*

1) Para efectos do establecido neste real decreto, enténdese que unha mercadoría é orixinaria das Illas Canarias cando foi totalmente producida ou transformada no seu territorio.

2) Entenderase que unha mercadoría foi transformada nas Illas Canarias cando foi obxecto no seu territorio de operacións produtivas e/ou de manipulación cuxo resultado implique unha modificación substantiva das súas características esenciais, de forma que supoñan un cambio de partida arancelaria ou, se este cambio de partida non tiver lugar, que incorpore un valor engadido superior ao 20 por 100 do valor en alfándegas do produto.

Non se considerará que unha mercadoría foi obxecto de transformación cando as operacións realizadas sobre ela, mesmo que poidan implicar un cambio de partida arancelaria, se limiten a algunha das seguintes:

a) As manipulacións destinadas a asegurar o estado de conservación dos produtos durante o seu transporte e o seu almacenamento (ventilación, tendadura, secado, separación de partes avariadas e operacións similares).

b) As operacións de limpeza, peneirada, selección, clasificación, formación de lotes de produtos variados (comprendida a composición de xogos de produtos), lavado e corte.

c) Os cambios de envase e a división ou agrupamento de vultos.

d) A colocación das mercadorías en sacos, en estoxos, en caixas, en bandexas, etc., e calquera outra operación simple de empaketamento ou envase.

e) A colocación sobre os mesmos produtos ou sobre os seus envases de marcas, etiquetas ou outros signos distintivos similares.

f) A reunión de partes dun produto para constituír un produto completo.

g) A acumulación de dúas ou máis das operacións recollidas nas alíneas anteriores.

Artigo 6. *Custos subvencionables.*

1. O custo do transporte das mercadorías a que se refiren os artigos 3 e 4 incluírá os seguintes conceptos:

a) Frete.

b) Custos de manipulación da mercadoría nos portos ou aeroportos de orixe e destino.

c) Taxas portuarias/aeroportuarias aplicadas ás mercadorías transportadas, tanto en portos/aeroportos de orixe como nos de destino.

d) Taxas de seguranza, se as houber.

e) Recarga por incremento do custo do combustible (BAF), cando se aplique.

f) Custos de aluguer, se for o caso, das plataformas frigoríficas rodantes, contedores frigoríficos ou outras unidades de transporte de produtos perecedoiros.

2. Para efectos de delimitar a cantidade máxima subvencionable elaboraranse anualmente custos tipo para o tráfico interinsular e para o traxecto Canarias-Cádiz, no caso do tráfico marítimo, e Canarias-Barajas, para o aéreo, referidos á suma das medias dos conceptos a que se refire o número anterior.

3. A determinación dos custos tipo para cada traxecto será realizada polo Ministerio de Fomento, que obterá a información necesaria dos operadores independentes que actúan nesas rutas. Os custos tipo estableceranse para as distintas unidades de transporte utilizadas habitualmente (contedor, plataforma, metro linear de remolque, tonelada).

4. No caso de que os custos de transporte acreditados polos solicitantes da subvención sexan superiores ao correspondente ao custo tipo fixado, considerarase como base subvencionable o valor resultante de aplicar o custo tipo.

5. Será requisito indispensable para o recoñecemento do dereito á bonificación a acreditación polo solicitante de ter aboado os custos regulados no número 1 aos prestadores

dos servizos de transporte, a través das copias das facturas aboadas aos diferentes operadores, nas cales se identifiquen expresamente os importes aboados polos distintos conceptos.

No caso de venda das mercadorías en réxime de contratación FOB ("franco a bordo"), será requisito indispensable para o recoñecemento do dereito á bonificación que o solicitante acredite ter aboado indirectamente os custos regulados no número 1, a través das facturas de venda da mercadoría, en que se desconte especificamente o importe dos custos de transporte recollidos nese número.

#### Artigo 7. *Limitacións porcentuais.*

No caso de que as consignacións orzamentarias asignadas ás bonificacións non permitan alcanzar as porcentaxes máximas de bonificación citadas nos artigos 3 e 4, a contía das bonificacións que se vaian conceder reducirase proporcionalmente para axustalas á dispoñibilidade orzamentaria.

## CAPÍTULO II

### Condicións subxectivas das bonificacións

#### Artigo 8. *Beneficiarios das compensacións.*

Serán beneficiarios das compensacións as seguintes persoas, físicas ou xurídicas:

- a) No caso de mercadorías transportadas desde as Canarias ao resto de España ou a países integrantes da Unión Europea, o remitente ou expedidor das mercadorías.
- b) No caso dos envíos interinsulares de mercadorías será indistintamente beneficiario da compensación o receptor ou o remitente, comprador ou vendedor daquelas, que aboase os custos de transporte bonificables.
- c) No caso de produtos transportados desde o resto de España ás Canarias, o receptor ou destinatario deles.

#### Artigo 9. *Documentación exigible.*

1. Os solicitantes das compensacións deberán presentar os documentos que acrediten a súa personalidade:

- a) Se se trata de persoas físicas, a identificación farase nos termos previstos no Real decreto 522/2006, do 27 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.
- b) Se se trata de persoas xurídicas, deberán presentar a escritura de constitución ou modificación, se for o caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou noutros rexistros legalmente establecidos, e a correspondente tarxeta de identificación fiscal.
- c) Poder de representación en escritura pública, debidamente inscrito, se for o caso, no rexistro mercantil, cando se compareza ou se asine a solicitude como representante ou apoderado.

2. A acreditación dos transportes realizados e do pagamento do custo correspondente efectuarase mediante a presentación de copias compulsadas de:

- a) En todos os casos, coñecemento de embarque ou factura de empresa transportista marítima ou aérea onde conste a mercadoría transportada, a súa cantidade e o prezo aboado polos conceptos do artigo 6 que serven para determinar o custo de transporte bonificable.
- b) Nos tráficos Canarias-resto de España e Canarias-Unión Europea, o documento unificado alfandegario (DUA), ademais dos documentos a que se refire o número anterior.
- c) En todos os casos, excepto na compensación regulada no artigo 4, facturas das mercadorías ou declaración responsable, nas cales conste que son orixinarias das Illas Canarias nos termos fixados no artigo 5.

d) No caso de que o envío da mercadoría bonificable se realice a través dun transportista-intermediario, que figure como pagador no coñecemento de embarque ou factura de empresa transportista marítima ou aérea, presentárase adicionalmente:

– Factura emitida polo transportista-intermediario onde se especifique a mercadoría transportada, a súa orixe e destino, a cantidade e o prezo aboado polos custos de transporte recollidos no artigo 6 pagados polo solicitante.

– Declaración responsable do transportista-intermediario onde se estableza que repercutiu no solicitante os custos de transporte recollidos no artigo 6 e que o propio transportista non se presenta simultaneamente como solicitante da subvención para o mesmo envío.

e) No caso de que as mercadorías fosen vendidas en réxime de contratación FOB («franco a bordo»), presentárase adicionalmente factura de venda da mercadoría, onde se desconte especificamente o importe dos custos de transporte recollidos no artigo 6, pagados polo comprador da mercadoría.

3. Declaración de que non se recibiron outras subvencións para o financiamento do transporte das mesmas mercadorías ou, no caso de que se recibisen outras, o importe total, ben como relación destas e certificación dos organismos ou entidades concedentes.

4. Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais dos beneficiarios das bonificacións, establecidos no artigo seguinte.

#### Artigo 10. *Requisitos xerais dos beneficiarios das bonificacións.*

1. Poderase recoñecer o dereito á percepción da bonificación ás persoas ou entidades que acrediten a concorrencia das circunstancias previstas no artigo anterior.

2. Non obstante, non poderán obter a condición de beneficiario das bonificacións reguladas neste real decreto as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. En caso de que as solicitudes se presenten a través de entidades representativas de intereses colectivos cuxos membros conferisen a representación para estes efectos, os requisitos establecidos neste artigo deberán concorrer tanto no representante como no representado.

### CAPÍTULO III

#### Procedemento

#### Artigo 11. *Presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes deberanse dirixir á Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias, órgano xestor das bonificacións establecidas neste real decreto, e poderanse presentar en calquera dos lugares sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes deberanse presentar dentro dos vinte primeiros días naturais dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro de cada ano, xuntando a documentación indicada no artigo 9, referida a custos de transportes realizados no trimestre inmediatamente anterior para os cales se solicite a bonificación.

A documentación acreditativa da personalidade dos solicitantes e a súa capacidade para seren perceptores de subvencións públicas respecto do sinalado no artigo 10 presentárase durante os vinte primeiros días do mes de xaneiro de cada ano natural.

3. A documentación a que se fai referencia neste artigo deberá ser orixinal ou presentarse en copia legalmente compulsada.

**Artigo 12. Instrución.**

1. A Delegación do Goberno nas Canarias levará a cabo a comprobación das solicitudes e a documentación xustificativa dos custos aboados polos solicitantes da bonificación e poderá pedir aos interesados tanta documentación for necesaria para a adecuada determinación da existencia do dereito a ela e do seu alcance.

2. Ao procedemento seranlle de aplicación as regras xerais contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o seu regulamento de aplicación, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e, no non previsto nesta, a Lei 30/1992, do 26 de novembro.

**Artigo 13. Resolución e notificación.**

1. Unha vez revisados os expedientes e determinada a contía da bonificación aboable, segundo o regulado nos artigos 3, 4 e 6.5, o delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias resolverá sobre as solicitudes presentadas e as correspondentes propostas de gasto, podendo aprobar e recoñecer as obrigas, así como solicitar os pagamentos das bonificacións correspondentes a transportes realizados durante o ano natural anterior até o importe total do crédito orzamentario de cada exercicio.

2. A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias procederá a axustar as solicitudes mediante a aplicación do mecanismo previsto no artigo 7 cando se dea a circunstancia a que este se refire.

3. As compensacións derivadas do procedemento regulado nos números anteriores concederanse mediante resolución ditada polo delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias, o que se notificará aos interesados, pondo fin á vía administrativa.

4. O prazo máximo para a resolución das solicitudes será de seis meses e contarase desde a finalización do último prazo fixado para presentar solicitudes e documentación relativa aos transportes realizados durante o ano natural anterior a aquel en que se efectúa o pagamento, de acordo co establecido no artigo 11.2. Será de aplicación respecto a esas resolucións e á súa notificación a normativa xeral reguladora das subvencións e, en concreto, o artigo 25.5 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

5. Os beneficiarios das subvencións deberán acreditar previamente ao cobramento e na forma que determine o Ministerio de Economía e Facenda, que se encontran ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguranza Social.

**Artigo 14. Obrigas dos beneficiarios.**

Os beneficiarios destas subvencións estarán obrigados:

a) A facilitar tanta información lles sexa requirida tanto polo delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias como pola Intervención Xeral da Administración do Estado e polo Tribunal de Contas, en relación coa subvención concedida.

b) A comunicar ao delegado do Goberno a obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma actividade de calquera Administración pública ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

c) A levar os rexistros contables a que veñan obrigados, de modo que permitan identificar de forma diferenciada as partidas ou gastos concretos en que se materializaron as compensacións concedidas, así como as axudas e subvencións concedidas co mesmo obxecto, e que por diferenza permitan obter un estado de rendición de contas das cantidades ou fondos públicos percibidos en concepto de subvención.

**Artigo 15. Límites das subvencións.**

O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo do transporte.

Procederá o reintegro do exceso das cantidades que superasen o custo real, logo de minoración das porcentaxes aplicables aos conceptos bonificables enumerados no artigo



6, cando por concesión de axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, se supere o dito custo real.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación aos transportes realizados durante o ano 2007 e 2008.*

Este real decreto será de aplicación aos transportes realizados desde o ano 2007.

Disposición transitoria segunda. *Solicitudes de compensación ao transporte realizado en 2007 e 2008.*

As solicitudes de compensación aos transportes realizados nos exercicios 2007 e 2008 xa presentadas segundo o Real decreto 199/2000, do 11 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías con orixe ou destino nas Illas Canarias, quedan amparadas polo presente real decreto e serán ampliadas cunha solicitude complementaria en que se incorporarán os novos conceptos de custos subvencionables regulados no artigo 6.1. Esta solicitude complementaria poderase presentar nun prazo de 15 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derogatoria única. *Derogación de normas.*

Queda derogado o Real decreto 199/2000, do 11 de febreiro, sobre compensación ao transporte marítimo e aéreo de mercadorías con orixe ou destino nas Illas Canarias, para os efectos das mercadorías incluídas no anexo I do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltanse os ministros de Fomento e de Economía e Facenda para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto, con especial atención á utilización de medios electrónicos que axilicen e abaraten os trámites para as empresas e para a administración.

Así mesmo, facúltanse os ministros de Fomento e de Economía e Facenda, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para ditar as disposicións que permitan incorporar o plátano ao réxime de compensacións regulado polo presente real decreto, ben como establecer a contía máxima de tales compensacións, tendo en conta, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias para estas, sempre e cando, e previamente, se producise unha redución significativa dos aranceis que protexen actualmente o plátano canario e sempre que a situación dos seus prezos nos mercados tradicionais así o aconsellar.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20º da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre tránsito e transporte aéreo e mariña mercante.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de febreiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ.

## ANEXO I

A compensación a que fai referencia o artigo 3.2 limitarase aos seguintes produtos:

a) Os comprendidos no capítulo 6 do arancel de alfándegas, que inclúe plantas vivas e produtos de floricultura.

b) As seguintes froitas:

0804.30.00.0.10.A Ananás (piñas).  
0804.30.00.0.90.C Ananás (piñas).  
0804.40.10.0.10.G Aguacates  
0804.40.10.0.90.I Aguacates.  
0804.40.90.0.10.J Aguacates.  
0804.40.90.0.90.B Aguacates.  
0804.50.00.0.10.F Goiabas, mangas, mangostáns.  
0804.50.00.0.21.C Goiabas, mangas, mangostáns.  
0804.50.00.0.29.F Goiabas, mangas, mangostáns.  
0804.50.00.0.99.I Goiabas, mangas, mangostáns.  
0807.20.00.0.00.A Papaias  
0809.30.11 Pexegos, incluídas as nectarinas.  
0809.30.19 Pexegos, incluídas as nectarinas.  
0809.30.21 Pexegos, incluídas as nectarinas.  
0809.30.29 Pexegos, incluídas as nectarinas.  
0809.30.31 Pexegos, incluídas as nectarinas.  
0809.30.39 Pexegos, incluídas as nectarinas.  
0809.30.41 Pexegos, incluídas as nectarinas.  
0809.30.49 Pexegos, incluídas as nectarinas.  
0809.30.51 Pexegos, incluídas as nectarinas.  
0809.30.59 Pexegos, incluídas as nectarinas.  
0810.10.10 Amorodos.  
0810.10.90 Amorodos.

## ANEXO II

Os produtos acollidos á bonificación do artigo 4 son os seguintes:

a) Os incluídos no capítulo 23 do arancel de alfándegas, excepto os que se indican a seguir, que fan referencia a alimentos para animais de compañía:

2309.10.11.0.00.I  
2309.10.13.0.00.G  
2309.10.15.0.00.E  
2309.10.19.0.00.A  
2309.10.31.0.00.E  
2309.10.33.0.00.C  
2309.10.39.0.00.G  
2309.10.51.0.00.J  
2309.10.53.0.00.H  
2309.10.59.0.00.B  
2309.10.70.0.00.G  
2309.10.90.0.00.C

b) Os incluídos nos códigos do arancel integrado de aplicación (TARIC) seguintes:

0404.10.02.0.00.H Lactoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.



0404.10.04.0.00.F Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.10.06.0.00.D Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.10.12.0.00.F Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.10.14.0.00.D Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.10.16.0.00.B Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.10.48.0.00.D Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.10.52.0.00.G Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.10.54.0.00.E Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.10.56.0.00.C Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.10.58.0.00.A Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.10.62.0.00.E Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.90.11.0.00.J Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.90.13.0.00.H Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.90.19.0.00.B Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.90.31.0.00.F Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.90.33.0.00.D Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0404.90.39.0.00.H Lactosoros ou produtos constituídos por compoñentes naturais do leite, sen azucre nin edulcorar doutro modo.

0402.10.91.0.00.B Leite e nata, concentrados, azucrados ou edulcorados doutro modo.

0402.10.99.0.00.D Leite e nata, concentrados, azucrados ou edulcorados doutro modo.

c) Os produtos incluídos nos códigos do arancel integrado de aplicación seguintes:

1002.00.00.0.00.F Centeo.

1003.00.90.1.10.C Cebada.

1003.00.90.2.90.C Cebada.

1003.00.80.9.00.I Cebada.

Ex 1004.00.00.1.00.B Avea (excepto os destinados á sementeira).

Ex 1004.00.9.00.E Avea (excepto os destinados á sementeira).

0710.40.00.0.00.C Millo doce.

0711.90 Legumes e hortalizas, mestura de hortalizas e/ou legumes.

1005.90.00.0.00.D Millo.

Ex 1008.10.00.0.00.H Trigo mourisco (excepto os destinados á sementeira).

Ex 1008.20.00.0.00.F Millo miúdo (excepto os destinados á sementeira).

1007.00.90.9.00.C Sorgo.

Ex 1008.90.10.0.00.I Piticale (excepto os destinados á sementeira).

Ex 1008.30.00.0.00.D Alpiste (excepto os destinados á sementeira).

Ex 1008.90.90.0.00.B Outros cereais (excepto os destinados á sementeira).

d) Os produtos incluídos nos códigos seguintes:

1213.00.00.0.00.A Palla e cascabullo de cereais en bruto, mesmo picados, moídos, prensados ou en "pellets".

1214.10.00.0.00.H Nabos forraxeiros, remolachas forraxeiras, raíces forraxeiras, herba seca, alfalfa, trevo, esparceta, couves forraxeiras, tremozos, vezas e produtos forraxeiros similares, mesmo en "pellets".

1214.90.10.0.00.I Nabos forraxeiros, remolachas forraxeiras, raíces forraxeiras, herba seca, alfalfa, trevo, esparceta, couves forraxeiras, tremozos, vezas e produtos forraxeiros similares, mesmo en "pellets".

1214.90.91.0.00.A Nabos forraxeiros, remolachas forraxeiras, raíces forraxeiras, herba seca, alfalfa, trevo, esparceta, couves forraxeiras, tremozos, vezas e produtos forraxeiros similares, mesmo en "pellets".

1214.90.99.0.00.C Nabos forraxeiros, remolachas forraxeiras, raíces forraxeiras, herba seca, alfalfa, trevo, esparceta, couves forraxeiras, tremozos, vezas e produtos forraxeiros similares, mesmo en "pellets".